

CONTIDOS MÍNIMOS.

- Definir monarquía absoluta e explicar as súas características fundamentais. Principais exemplos.
- Coñecer os trazos esenciais dos diferentes estamentos sociais.
- Coñecer os elementos característicos da arte barroca. Coñecer a algúns dos artistas máis representativos e a súas obras
- Coñecer os conceptos de Ilustración, guerra de Sucesión e Despotismo Ilustrado, Mercantilismo...
- Analizar as principais características do Estado borbónico en España.
- Explicar a crise do Antigo Réxime desde o punto de vista social, político e ideolóxico.
- Valorar a importancia da Revolución Francesa e as consecuencias que dela se derivaron e coñecer as súas etapas máis significativas.
- Citar as principais características do imperio napoleónico e as súas etapas.
- Identificar os aspectos básicos da Independencia de América Latina.
- Distinguir o Romanticismo e o Neoclasicismo e citar autores e exemplos das súas obras.
- Coñecer os factores da guerra da Guerra de Independencia contra os franceses. Principais etapas. Consecuencias.
- Analizar o papel das Cortes de Cádiz no momento e explicar as características da Constitución de 1812.
- Coñecer a importancia das revolucións liberais burguesas.
- Diferenciar as distintas revolucións liberais burguesas e diferenciar as causas e as consecuencias de cada unha delas.
- Coñecer a nova realidade social e o papel das clases sociais, sobre todo da burguesía e do proletariado.
- Saber definir: Revolución Industrial, revolución agrícola e demográfica, fábrica, maquinismo, movemento obreiro.

- Diferenciar as principais fases da Primeira e da Segunda Revolución Industrial e as súas principais características.
- Coñecer os principais trazos da crise do Antigo Réxime en España.
- Coñecer os principais acontecementos do Reinado Isabelino.
- Desenvolver os principais trazos da Restauración.
- Analizar as causas e as consecuencias do Imperialismo. Principais territorios afectados.
- Identificar as causas dos movementos nacionalistas do S. XIX e os países afectados polos procesos de disgregación e de unificación.
- Desenvolver o proceso de formación dos EEUU.
- Definir os réximes autoritarios, características e exemplos.
- Coñecer as causas e principais consecuencias da Primeira Guerra Mundial. Fases do conflitos.
- Identificar os cambios do mapa europeo.
- Coñecer a situación rusa antes da revolución. Coñecer os sucesos de febreiro e de outubro de 1917 en Rusia.
- Analizar os aspectos básicos do goberno de Lenin e da ditadura stalinista.
- Desenvolver as causas e consecuencias da crise de 1929.
- explicar as características do fascismo e do nazismo. Orixe, causas e consecuencias.
- Coñecer a orixe, as causas e as consecuencias da Segunda Guerra Mundial.
- Explicar as características básicas da arte da primeira metade do século XX. O Modernismo. As vangardas artísticas.
- Identificar as causas da crise do 98
- Coñecer a evolución política do reinado de Afonso XIII e os seus principais problemas internos.
- Coñecer os trazos mais significativos da época da Segunda República.
- Saber explicar as causas da Guerra Civil e as súas consecuencias.

- Saber definir conceptos como: guerra fría, coexistencia pacífica, descolonización e Terceiro mundo.
- Na Guerra Fría coñecer as diferenzas ideolóxicas do bloque occidental e do comunista e os seus membros.
- Diferenciar as principais etapas da Guerra Fría.
- Citar os trazos básicos da descolonización: definición, causas e procesos.
- Saber relacionar colonialismo e subdesenvolvemento.
- Explicar as causas da hexemonía dos EE.UU.
- Coñecer o proceso de ampliación e de integración económica vivido pola antiga CEE.
- Analizar a evolución da URSS ao final da guerra fría e a evolución política dos países compoñentes do antigo bloque soviético.
- Identificar os trazos básicos da Rusia de Yelsin a Putin, da China despois de Mao e do Mundo Islámico.
- Coñecer os fundamentos ideolóxicos e sociais do réxime franquista, así como os trazos básicos das súas etapas características.
- Desenvolver conceptos coma: transición democrática, Constitucións de 1978, Estado das Autonomías, Estatuto Autonómico...